

Proxecto _____ de Decreto polo que se regula o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios e se establecen requisitos de hixiene na produción e comercialización para determinados establecementos.

A Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior, e a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e o seu exercicio, mediante a que se traspón aquela ao ordenamento xurídico español, e as posteriores modificacións, sentan un principio xeral segundo o cal o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio non estarán suxeitos a un réxime de autorización salvo que esta veña xustificada por unha razón imperiosa de interese xeral, sexa proporcionada á finalidade que se persegue e non imponha o cumprimento de requisitos discriminatorios.

De conformidade co anterior, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dedica o seu artigo 69 á declaración responsable e comunicación, definindo a primeira como o documento suscrito por un interesado no que este manifesta, baixo a súa responsabilidade que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando se lle requira, e que se compromete a manter o cumprimento das obrigas durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio; e a comunicación como aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente os datos identificativos ou calquera outro dato relevante para o inicio dunha actividade ou o exercicio dun dereito.

II

O Regulamento (CE) nº 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro, polo que se establecen os principios e requisitos xerais da lexislación alimentaria, créase a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e fíxanse procedementos relativos á seguridade alimentaria, supuxo un punto de inflexión para o establecemento dun novo marco de regulación nesta materia.

O Regulamento (CE) nº 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, establece a obrigatoriedade dos operadores da empresa alimentaria de colaborar coas autoridades sanitarias competentes, notificando a estas todos os establecementos que estean baixo o seu control nos que se realice calquera das operacións de produción, transformación e distribución de alimentos da forma requirida pola citada autoridade competente, a fin de proceder ao seu rexistro. Así mesmo, coa finalidade de que a autoridade competente dispoña continuamente de información actualizada, deberán

notificarlle calquera cambio significativo nas actividades que leven a cabo e todo peche dos establecementos existentes.

O Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre o Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, manifesta nas súas consideracións iniciais que carece de sentido incluír no rexistro nacional as tendas de comerciantes retalistas, restaurantes, cafeterías, bares, panaderías, pastelerías, comedores de centros escolares ou hospitais e outros establecementos cuxa actividade principal é a venda ao detalle ou o servizo in situ ao consumidor final ou a colectividade que comercializan nun ámbito local, incluíndo as zonas de tratamento aduaneiro especial, xa que para eles resulta suficiente e máis adecuado un rexistro de ámbito territorial autonómico. Estas consideracións foron trasladadas á redacción orixinal do artigo 2 do real decreto, que xa exceptuaba da obrigatoriedade de estar inscritas no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos a determinadas empresas e establece a necesidade da existencia dun rexistro autonómico no que deberían incluírse todas aquelas empresas alimentarias mencionadas no apartado anterior e que son exceptuadas de inscrición no rexistro nacional.

O 26 de outubro de 2012 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (Regasa) co fin de desenvolver, no ámbito autonómico galego, o disposto no artigo 2 do Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro.

Por outra banda, o Real Decreto 1086/2020, do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións da Unión Europea en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios e regúlanse actividades excluídas do seu ámbito de aplicación, establece disposicións para a subministración de alimentos entre establecementos de comercio polo miúdo. Así mesmo, aínda permanecían vixentes algunhas normas específicas para determinados sectores do comercio polo miúdo, anteriores aos regulamentos de hixiene, que cumpría actualizar e refundir nunha soa norma en aras da simplificación normativa.

O Real Decreto 1021/2022, do 13 de decembro, polo que se regulan determinados requisitos en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios en establecementos de comercio polo miúdo modificou a redacción do artigo 2 do Real decreto 191/2011 indicando que todos os establecementos de comercio polo miúdo deberán inscribirse nos rexistros das autoridades competentes das comunidades autónomas establecidos para o efecto, previa comunicación ou declaración responsable, que non será habilitante, do operador da empresa alimentaria ás autoridades competentes do lugar de localización do establecemento excepto cando se trate de establecementos nos que se serven alimentos in situ a colectividade, a comunicación será feita pola persoa titular das instalacións.”)

Ademais, o dito Real decreto 1021/2022, establece medidas para a aplicación en España do paquete de hixiene establecido nos regulamentos europeos co obxectivo de que a súa implantación sexa homoxénea en todo o territorio nacional e fai uso das disposicións de flexibilidade que os regulamentos permiten desenvolver aos estados membros, todo iso con obxecto de favorecer a sustentabilidade do sistema alimentario, dentro do marco de seguridade alimentaria.

Concretamente do establecido polo Real decreto 1021/2022, do 13 de decembro, destaca que no seu artigo 2, inclúe na definición de *establecemento de comercio polo miúdo* aos locais ambulantes ou provisionais (como carpas, postos e vehículos de venda ambulante), os almacéns de apoio e as instalacións nas que con carácter principal se realzan operacións de venda á persoa consumidora final, actividades que estaban expresamente excluídas do seu asento no Regasa tal e como se recolle no artigo 4.2 do Decreto 204/2012, do 4 de outubro.

No artigo 3 establece criterios para a subministración de alimentos de produción propia e produtos de orixe animal entre establecementos de comercio polo miúdo deixando á autoridade competente a responsabilidade de definir o territorio no que aplicar o criterio de actividade localizada no ámbito do comercio entre establecementos de venda polo miúdo.

Así mesmo, no artigo 13 establece o contido mínimo da declaración responsable que, a efectos de inscrición no Regasa, o operador que elabora alimentos en locais utilizados principalmente como vivenda privada, debe presentar ante a autoridade competente, que deberá definir o ámbito territorial no que se poda subministrar os alimentos elaborados por estes operadores.

III

Por outra banda, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas concede unha atención especial á regulación da administración electrónica. Na súa exposición de motivos alúdese a unha "*administración sen papel baseada nun funcionamento integramente electrónico*" e no seu articulado recóllese tanto o dereito da cidadanía a comunicarse coas administracións públicas a través dun punto de acceso xeral electrónico da Administración, como a obriga de determinados suxeitos de relacionarse coa administración a través de medios electrónicos. No seu articulado tamén se prevé a potestade da administración para obrigar a outros suxeitos a relacionarse administrativamente a través de medios electrónicos.

Neste senso, o artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, recolle que, regulamentariamente, as Administracións poderán establecer a obriga de relacionarse con elas a través de medios electrónicos para determinados procedementos e para certos colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

Por este motivo aprobouse o Decreto 173/2019, do 26 de decembro, polo que se modificaba o Decreto 204/2012, do 4 de outubro, por unha banda, para facilitar á cidadanía a tramitación das súas comunicacións previas, engadíndose a cada unha das actividades un campo de observacións no que se describen brevemente as actividades que quedan encadradas no seu código correspondente, e por outra banda no que se refire á comunicación previa de inicio, modificación, ou cese de actividade das empresas, locais e establecementos sometidas a inscrición rexistral, así como a comunicación de modificación de datos, que se realizará a través da administración dixital co fin de adaptala á Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Por todo o anterior, atendendo ao principio de eficiencia, faise preciso derogar o Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios e aprobar unha única norma que refunda as disposicións actuais coas modificacións necesarias que emanan das normas básicas do Estado.

IV

O artigo 33.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece a competencia da Comunidade Autónoma para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

O presente decreto componse de 17 artigos agrupados en IV capítulos,

O capítulo I contén disposicións xerais relativas ao seu obxecto e definicións dos distintos conceptos, para os efectos da aplicación do decreto.

O capítulo II divídese en dúas seccións, a primeira dedicada ao Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios e a segunda ao procedemento de inscrición, modificación e cese da actividade no dito Rexistro.

O capítulo III trata sobre as condicións de comercialización.

O capítulo IV refírese ao Réxime sancionador.

Completan o texto unha disposición adicional relativa á actualización de modelos normalizados, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras dedicadas á habilitación para o desenvolvemento normativo e á entrada en vigor. Tamén se inclúen un total de tres anexos.

O contido deste decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións

públicas, e no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

O presente decreto tramitouse de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Foi realizado o trámite de consulta pública previa, e o proxecto de decreto foi exposto a información pública no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia e sometido a audiencia dos grupos ou sectores con dereitos e intereses lexítimos na materia; asemade, foi sometido a informe económico-financeiro da consellería competente en materia de facenda, informe sobre impacto de xénero e a informe da Asesoría Xurídica Xeral/Consellería de Sanidade.

Na súa virtude, a proposta do conselleiro de Sanidade, de acordo/oído co Consello Consultivo e logo de-deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día XXXXX

DISPOÑO:

CAPITULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Este decreto ten por obxecto:

- a) Regular o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (en diante Regasa) así como o procedemento para a inscrición, modificación e cancelación rexistral das empresas, locais e establecementos alimentarios no citado rexistro.
- b) Definir as condicións de comercialización entre establecementos de venda polo miúdo e a comercialización de alimentos elaborados en locais utilizados principalmente como vivenda privada.

Artigo 2. Definicións

1. A efectos deste decreto serán aplicables as definicións previstas no Regulamento (CE) 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro, así como as recollidas no Regulamento (CE) 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, e no Real

Decreto 1021/2022, do 13 de decembro polo que se regulan determinados requisitos en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios en establecementos de venda polo miúdo.

2. Serán aplicables as descrições dos establecementos recollidas no anexo III.

CAPITULO II

Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios e o procedemento de inscrición, modificación e cese da actividade

Sección 1ª. Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios

Artigo 3. Finalidade e adscrición do Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios

1. O Regasa ten como finalidade a protección da saúde pública e dos intereses das persoas consumidoras, facilitando o control oficial das empresas, locais e establecementos sometidos a inscrición.

O Regasa é complementario do Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, adscrito á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, e respecta o carácter de rexistro unificado de ámbito estatal que a este último atribúe o artigo 1.2 do Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, polo que o mesmo se regula.

2. O Regasa queda adscrito á dirección xeral ou unidade de similar rango que ostente as competencias en materia de seguridade alimentaria nas fases posteriores á produción primaria.

Artigo 4. Ámbito e natureza do Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios

1. O Regasa ten carácter autonómico, existindo un rexistro unificado para todo o ámbito da comunidade autónoma.

2. Deberán inscribirse no Regasa todas aquelas empresas, locais e establecementos alimentarios que cumpran os criterios fixados no artigo 5.

3. Os procedementos relacionados con este decreto son:

a) A comunicación de inicio da actividade para a inscrición no Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (código de procedemento SA550A).



b) A comunicación da modificación de datos no Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios e a comunicación do cese da actividade (código de procedemento SA550B).

4. O Regasa ten carácter público e dispón dunha base de datos informatizada. A publicidade realizarase mediante certificación na que constará:

a) Nome comercial da industria ou establecemento.

b) Número de rexistro asignado.

c) Dirección postal da industria ou establecemento.

d) Actividade ou actividades nas que está rexistrado.

O réxime do tratamento de datos de carácter persoal vinculados ao Regasa será o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos obrantes no Regasa poderán ser cedidos entre administracións públicas con fins estatísticos.

A xestión do Regasa corresponderá á unidade administrativa que teña atribuída a xestión dos controis oficiais en materia de seguridade alimentaria.

4. A inscrición no Regasa non exclúe a plena responsabilidade do operador económico respecto do cumprimento da lexislación alimentaria.

Artigo 5. Empresas, locais e establecementos alimentarios suxeitos a inscrición

1. Inscibiranse no Regasa as empresas ou establecementos alimentarios, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que o operador económico teña sede, domicilio, axencia ou exerza actividade comercial na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Que a actividade que realice consista en manipular, preparar, elaborar ou transformar, almacenar ou servir alimentos para a súa venda ou entrega á persoa consumidora final ou a unha colectividade, in situ ou a distancia con ou sen repartición a domicilio. Inclúense os locais ambulantes ou provisionais, os almacéns de apoio, así como os locais utilizados principalmente

como vivenda privada nos que se preparan alimentos para o seu subministro directo.

2. Non serán obxecto de asento no Regasa:

a) As empresas, locais e establecementos alimentarios que teñan a obrigaón de estar rexistrados no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, regulado polo Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro.

b) Os locais utilizados ocasionalmente para servir comidas.

c) As máquinas expendedoras de alimentos.

d) Os centros, establecementos e servizos de atención farmacéutica e sanitaria.

e) A venda directa de produtos primarios polos/as produtores/as á persoa consumidora final ou a establecementos de comercio polo miúdo para o abastecemento ao/á consumidor/a final.

f) Os furanchos

Artigo 6. *Contido do Rexistro*

1. Será obxecto de asento no Rexistro:

a) O inicio das actividades das empresas, locais e establecementos relacionados no artigo 5.1, a cuxo efecto se practicará a correspondente inscrición de acordo co procedemento establecido no artigo 7.

b) A modificación de calquera dos datos da información obrigatoria necesaria para a inscrición das empresas, locais e establecementos alimentarios, contemplados no anexo II.

c) O cesamento definitivo da actividade das empresas, locais e establecementos que dará lugar á cancelación da inscrición.

2. A inscrición das empresas, locais e establecementos a que fai referencia o apartado a) do punto 1 practicarase a instancia dos operadores da empresa alimentaria. O asento da inscrición no Regasa xerará un número que se configurará conforme aos criterios establecidos no anexo III.

3. Os operadores da empresa alimentaria deberán comunicar á autoridade competente as circunstancias a que fan referencia os apartados b) e c) do punto 1, no prazo dun mes desde que as mesmas prodúzanse.

Recibida a comunicación, a inscrición será obxecto de modificación ou cancelación rexistral, segundo os casos.

4. A modificación ou cancelación rexistral practicarase de oficio cando se constate a inexactitude dos datos da inscrición ou o cesamento definitivo da actividade das empresas, locais e/ou establecementos.

En todo caso, dita modificación ou cancelación poñerase de manifesto ás persoas interesadas ou, no seu caso, aos seus representantes, que poderán alegar e presentar as xustificacións e documentos que estimen pertinentes.

Sección 2ª. Procedemento de inscrición, modificación e cese da actividade

Artigo 7. Procedemento para a inscrición, modificación e cancelación rexistral das empresas, locais ou establecementos alimentarios

1. A presentación dunha comunicación previa ás autoridades competentes en materia de sanidade da provincia correspondente por razón do lugar da súa localización, segundo o modelo recolleito no anexo I deste decreto, será condición única e suficiente para que se tramite a inscrición das empresas, locais e establecementos no Regasa e, simultaneamente, pódase iniciar a actividade, sen prexuízo dos controis oficiais que posteriormente poidan levar a cabo.

2. A comunicación de modificación de calquera dos datos de información obrigatoria ou do cesamento definitivo de actividade dos establecementos, segundo o modelo recolleito no anexo II deste decreto, dirixirase á autoridade competente en materia de sanidade de cada provincia por razón do lugar da súa localización.

3. A comunicación previa de inicio da actividade dos locais utilizados principalmente como vivenda privada nos que se preparan alimentos incluirá os contidos do artigo 13.3 do Real Decreto 1021/2022, do 13 de decembro, polo que se regulan determinados requisitos en materia de hixiene da produción dos produtos alimenticios en establecementos de comercio polo miúdo.

4. A comunicación previa de inicio da actividade económica das empresas, locais e establecementos alimentarios obxecto de inscrición, así como a comunicación de modificación de calquera dos datos de información obrigatoria e de cesamento de actividade realizarase segundo os modelos recolleitos nos anexos I e II, respectivamente, a través do portal <https://sede.xunta.gal> e dirixirase á autoridade competente en materia de sanidade de cada provincia en función do lugar no que a entidade establecece o seu domicilio social.

Artigo 8. *Presentación electrónica obrigatoria das comunicacións*

1. As comunicacións presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>
2. De conformidade co previsto no artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa comunicación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da comunicación aquela en a que fose realizada a emenda.
3. Para a presentación das comunicacións poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 9. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa comunicación a seguinte documentación:
 - a) Xustificante acreditativo do pago da taxa de inscrición, modificación ou cesamento da actividade económica, segundo o caso.
 - b) Copia do documento acreditativo da representación, no caso de actuar mediante ela.
 - c) Se procede, plano da vivenda que recolla as estancias ou zonas adicadas á elaboración de alimentos.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente polas persoas interesadas ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recibidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente a persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en a que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, canto a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de forma motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á dita consulta:

a) DNI/NIE da persoa comunicante.

b) DNI/NIE da persoa representante.

c) NIF da entidade comunicante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a súa disposición das notificacións á conta de correo e/o teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter a súa dirección electrónica habilitada única a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear a indicada dirección, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obrigaón de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da comunicación deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. Información básica sobre protección de datos persoais

1. Os datos persoais solicitados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería competente en materia de sanidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dun labor de interese público ou no

exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeneral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

3. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

4. Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo explicitase na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

CAPITULO III

Condicións de comercialización

Artigo 14. *Condicións de comercialización entre establecementos*

1. Os establecementos indicados no artigo 5, apartado 1, poderán subministrar produtos de orixe animal e/ou alimentos de produción propia a outros establecementos das mesmas características, sempre que se cumpran os tres requisitos seguintes:

a) Non subministren a establecementos suxeitos a inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.

b) A súa distribución se realice nun radio inferior a 50 quilómetros desde o establecemento de orixe.

c) Se trate dunha actividade marxinal en termos tanto económicos como de produción, entendendo por marxinal un máximo do 25% da produción anual de alimentos comercializados ou da comercialización dun máximo de 500 kg. á semana incluíndo o subministro ao consumidor final ou a outros establecementos de venda polo miúdo.

2. Os establecementos de comercio polo miúdo que dispoñan dun establecemento central con obradoiro e sucursais consideraranse unha única unidade comercial. Nestes casos está permitido a subministración de produtos alimenticios desde o establecemento central con obradoiro ás sucursais, non considerándose subministración entre establecementos de comercio polo miúdo.

